



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 18 DE XULLO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 18 de xullo de 2016.

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:25 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello e D^a Ángela Vizoso Marcos.

AUSENTE: D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 27 DE XUÑO E 4 DE XULLO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 27 de xuño e 4 de xullo de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

Este punto foi retirado da orde do día.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 14 DE XULLO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS



Concello de Cangas

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira



Concello de Cangas

ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.892.- M.C.R., con enderezo en Outeiro, nº 23-Coiro, para en rúa Outeiro, nº 23-Coiro, en solo de núcleo rural regulado pola ordenanza de aplicación SNUN, construír unha vivenda unifamiliar aillada, composta de 51,69 m²., de semisoto, de 95,00 m²., de planta baixa, 17,89 m²., de escaleira, de conformidade co proxecto básico do arquitecto D.G. e do aparelador A.G., de data 16 de marzo de 2016, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección, estudo de seguridade e de telecomunicacións.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 4 de febreiro de 2016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización da fronte de parcela aceptándose a fianza depositada en Abanca en data 12 de xullo de 2016, que ascende a seiscentos dez euros (610,00 €).

3.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 22.525.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR M.Q.P. E M.T.C.G.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 7 de xullo de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a M.Q.P. e M.T.C. G., con enderezo en Concepción Arenal, nº 13-Cangas, para rehabilitación, ampliación e adición de aproveitamento baixo cuberta en vivenda unifamiliar sita no Xistro-Coiro, ao abeiro da licenza municipal Nº 22.071.

EXPEDIENTE Nº 24.455.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR P.A.D.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 8 de xullo de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a P.A.D., con enderezo na Avda. de Marín, nº 23-1º esq., para vivenda unifamiliar sita na Rosada-Coiro, ao abeiro da licenza municipal Nº 23.371.

3.A.3) DENEGACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.619.- Vistas as denuncias formuladas por F.B.B., en data 22 de xuño de 2016 (registro de entrada nº 7917) e en data 7 de xullo 2016, (registro de entrada nº 8899) en relación coa licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 29.02.2016 a "ANCORADOURO, SL", nas que solicita a paralización das obras, a revisión de oficio da licenza de obras nº 24.655 e a depuración de responsabilidades administrativas e penales que puideran proceder, procedeuse á tramitación destas analizando o expediente en cuestión.

Visto o informe conxunto emitido, en data 11 de xullo de 2016, polo arquitecto municipal, a arquitecta municipal do PEPRI e a xefa do servizo de urbanismo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción de dous acordos independentes con relación ao expediente de referencia:

PRIMEIRO.- A inadmisión da solicitude revisión de oficio da licenza de obras outorgada a "ANCORADOURO, SL", por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29.02.2016 (licenza nº 23.619) formulada por F.B.B, ao non apreciarse ningún dos incumprimentos previstos no artigo 62.1 da LRXPAC, vistos os antecedentes expostos no corpo deste informe.

SEGUNDO.- A rectificación da redacción da licenza nº 24.655 outorgada a "ANCORADOURO, SL", no senso de indicar nesta que a ordenanza de aplicación



Concello de Cangas

é a URNA e as superficies autorizables son as seguintes, de conformidade co proxecto básico modificado redactado polo arquitecto C.S.S. de data outubro de 2012 e planos complementarios de data xaneiro de 2013, que é realmente o que foi obxecto da licenza, en aplicación do artigo 105 da LRXPAC:

PLANTA	SUP. CONSTRUÍDA (m2)
Planta baixa	61,06
Primeiro andar	57,40
Segundo andar	56,67
Terceiro andar	58,22

TERCEIRO.- Notificar estes acordos ao denunciante e ao titular da licenza coa indicación do réxime de recursos ordinarios.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.



Concello de Cangas

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.279.- A GAS GALICIA SDG SA, para nas Furnas, nº 18, executar unha acometida de 4,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.855.- A GAS GALICIA SDG SA, para na Avda. Méndez Núñez, nº 36, executar unha acometida de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.868.- A GAS GALICIA SDG SA, para en rúa Noria, nº 15, executar unha acometida de 3,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.



Concello de Cangas

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten analizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.830.- A GAS GALICIA SDG SA, para en Camiño da Garita, nº 3, executar unha acometida de 4,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



Concello de Cangas

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.653.- A GAS GALICIA SDG SA, para en Travesía Atranco, nº 2, executar unha acometida de 108,56 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.



Concello de Cangas

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.187.- A GAS GALICIA SDG SA, para en rúa Atranco, nº 2-4, por Aldea de Arriba, executar unha acometida de 33,96 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análises sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación,



Concello de Cangas

reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.890.- A COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIF. AVDA. DE OURENSE, Nº 57, para obras de limpeza e pintado de fachadas e reparación de filtración de auga na Avda. Ourense, nº 57-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.968.- A M.S.M., para cambio de carpintería exterior na Avda. de Bueu, nº 13- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.969.- A M.H.M.M., para cuberta de vivenda unifamiliar (remodelación) na Madalena, nº 154-Erbello-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 1.967/16.- A "RESTAURACIÓN Y PROMOCIONES, EBS SL", para cambio de titularidade de bar tapperia en Rúa Nova, Nº 6-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.953/16.- A R.F.M. para cambio de titularidade de comercio polo miudo de zapatos en Rúa Castelao, nº 13 baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.826/15.- A "FALA DE COIRO, SLL", para reparación e cambio de titularidade de bar-restaurante en Rúa Benigno Soage, nº 3-Cangas.



Concello de Cangas

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.07.2016, relativa á concesión de axuda de emerxencia social, que di:

"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de cincocentos euros (500,00 €) a M.A.R.P."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, aprobar integramente a proposta transcrita.

ENSINO E DEPORTE

6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE S/MODIFICACIÓN DE ANEXO Á ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLO SERVIZO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS E INSTALACIÓNS ANEXAS

Dase conta de anexo á Ordenanza de prezos públicos do servizo da Piscina Cuberta Climatizada Municipal do Concello de Cangas e instalacións anexas, presentado polo concelleiro de Ensino e Deporte, que di o seguinte:

"ANEXO Á ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLO SERVIZO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS, E INSTALACIÓNS ANEXAS (BOPPO, Venres 29 maio 2015)

A fin de actualizar e acadar unha maior definición no texto da Ordenanza Municipal do Servizo da Piscina Cuberta do Concello de Cangas, preséntase a esta Xunta Local de Goberno as correspondentes engádegas co fin de ser valoradas e posteriormente incorporadas, como Anexo á actual Ordenanza publicada o pasado día, venres 29 de maio de 2015.

PROPOSTAS:

ARTIGO 4.- TARIFAS

Epígrafe 1.- ABONO MENSUAL



Concello de Cangas

As cotas corresponderán a meses naturais e o pago destas realizarase por adiantado.

O abono da primeira cota mensual, independentemente do tipo de abono do que se trate, conlevará o pago da parte proporcional da cota, tendo en conta a data na cal se realice o seu pagamento, establecendo para iso os seguintes períodos:

1.- Do día 1 ao día 10.

2.- Do día 11 ao 20.

3.- Do día 21 en diante.

FAMILIAR, UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR

Para aplicar a cota de abono familiar, entenderase por unidade familiar a aquela formada polo pai, nai e/ou titor legal, xunto cos/coas fillos/fillas solteiros/solteiras menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar ata a data de tramitación como alta de persoa usuaria. Asemade a consideración de unidade familiar tamén se fai extensiva a todas as parellas de feito legalmente establecidas e familias monoparentais.

No caso dos/das avós/avoas que se encarguen directamente do cuidado de netos/netas ao seu cargo, poderán conformar e ser considerado como un núcleo familiar. Neste caso os fillos/fillas dos avós (pais deses netos/netas) non poderán incluírse como parte do núcleo familiar, tendo que inscribirse de forma independente.

Documentación acreditativa.- Familiar: certificado de Rexistro Civil, libro de familia, certificado de empadramento familiar ou certificado de convivencia ou certificado de parellas de feito.

REDUCIDO–MAIORES DE 65, XUBILADOS OU PREXUBILADOS POR RAZÓNS ESPECIAIS

Accederán a este abono aquelas persoas que acrediten a condición de pensionista por xubilación ou prexubilación. No caso de ser prexubilados/prexubiladas necesitarán presentar a acreditación correspondente. Os/as pensionistas acreditarán esta condición para poder beneficiarse deste.

Este abono aplicarase a nivel persoal e de maneira individualizada.

Documentación acreditativa: DNI: No caso de pensionistas / prexubilados/prexubiladas, notificación laboral do INEM.

REDUCIDO FAMILIA NUMEROSA

Pódese acoller a esta modalidade de abono calquera familia, sempre e cando acredite que se trata de unha familia numerosa. Enténdese a definición desta



Concello de Cangas

de acordo coa normativa vixente en cada momento por parte da Comunidade Autónoma de Galicia.

A calquera persoa que acredite pertencer a unha familia numerosa poderá aboarse de forma individual, aplicándoselle neste caso á tarifa de abono reducido.

Documentación acreditativa.- Fotocopia do libro de familia numerosa e certificado de empadramento familiar.

REDUCIDO –DISCAPACIDADE

Poderanse acoller a esta modalidade de abono as persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Este abono aplicarase a nivel persoal e de maneira individualizada.

Documentación acreditativa.- certificación do grao de discapacidade en vigor.

REDUCIDO PARA FAMILIAS DE BAIXO NIVEL DE RENDA

O Concello, ou no seu caso, a empresa prestadora de servizos, aplicará este desconto tendo en conta os seguintes requisitos:

Para os efectos desta redución enténdese por unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor así como os/as seus fillos/fillas solteiros/solteiras menores de vinte e seis anos que convivisen no domicilio familiar no momento de realizar a solicitude.

Nos casos de garda e custodia compartida dos/das menores para os que se solicita este tipo de abono, contabilizaranse os ingresos de ambos proxenitores.

Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

Deberase xustificar a situación económica e laboral do ano anterior á matrícula, de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos:

- 1. Certificacións de empresa ou fotocopias das nóminas.*
- 2. Certificacións do INEM sobre prestacións de desemprego.*
- 3. Certificacións sobre pensións...*
- 4. Calquera outro documento xustificativo de ingresos.*



Concello de Cangas

5. *Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2015, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou certificado negativo, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda.*
6. *No caso de que na unidade familiar existan persoas en idade laboral (maiores de 16 anos) que non traballen, deberán presentar informes de vida laboral, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.*
7. *No caso de separación ou divorcio, deberase aportar convenio regulador, así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.*

Para aplicación deste abono teranse en conta os ingresos económicos da unidade familiar e tendo como único criterio os ingresos económicos do ano anterior.

O criterio de requisito será que non superen os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano anterior (150% IPREM + 15 % por novomembro)

<i>Nº</i>	<i>MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR</i>	<i>INGRESOS ANUAIS</i>	<i>INGRESOS MEDIOS MENSUAIS</i>
	<i>Familia de 2 persoas</i>	<i>9.585,12 euros</i>	<i>798,76 euros/mes</i>
	<i>Familia de 3 persoas</i>	<i>11.022,84 euros</i>	<i>918,57 euros/mes</i>
	<i>Familia de 4 persoas</i>	<i>12.460,56 euros</i>	<i>1.038,38 euros/mes</i>
	<i>Familia de 5 persoas</i>	<i>13.898,28 euros</i>	<i>1.158,19 euros/mes</i>
	<i>Familia de 6 persoas</i>	<i>19.599,41 euros</i>	<i>1.278,00 euros/mes</i>

Documentación acreditativa: certificación emitida polo Concello e coas mesmas condicións que os abonos familiares.

INDIVIDUAL SEN PERMANENCIA

Esta modalidade de abono poderase aplicar nun máximo de dous meses por usuario e por ano natural. Este abono estará exento do pago da matrícula. O pago da cota será sempre en efectivo e por adiantado.

O/a usuario/a que se acolle a esta modalidade de abono non poderá acollerse a ningún outro desconto aplicado sobre outros tipos de abonos que consten na presente ordenanza.

MENORES

Será condición para acollerse a esta modalidade de abono non ter cumprido os 18 anos no momento da tramitación da alta, ademáis de ter a idade mínima de acceso da instalación que consta na ordenanza municipal.



Concello de Cangas

O abono mensual terá una cuantía igual ao abono reducido como xubilado. No mes seguinte a cumprir a maioría de idade pasarase a cota como abono individual.

Documentación acreditativa.- D.N.I. e autorización paterna/materna/titoría legal.

COTA DE MANTEMENTO

Será aplicable a todos os/as abonados/abonadas que así o soliciten, por escrito, cunha duración máxima de tres meses por cada ano natural.

Naqueles casos que por prescrición médica ou ausencia por razóns laborais, poderase ampliar esta duración pero a mesma non poderá superar os 6 meses por ano natural.

Documentación acreditativa.- Informe médico ou certificado laboral.

GRUPOS/COLECTIVOS DE ESPECIAL INTERESE SOCIAL

Considéranse grupos de especial interese social a aqueles colectivos de persoas aos que se deben implementar medidas de integración e inclusión social. O departamento de servizos sociais do Concello determinará e acreditará esta condición a aqueles colectivos que soliciten formalmente a aplicación desta cota.

Cuantía.- 4,50 euros/mes – 1 sesión semanal.

Documentación acreditativa.- Certificado de inscrición nos rexistros correspondentes e no rexistro municipal de asociacións.

CICLOS FORMATIVOS DE EDUCACIÓN FÍSICA / RESERVAS DE RÚA NA PISCINA – CLUBES DE NATACIÓN - OU SALAS DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS

Grupo.- 15 euros / día / rúa

36 euros / Hora / Sala de actividades dirixidas

Epígrafe 2.- MATRÍCULA

A matrícula terá validez indefinida que se manterá mentres que o/a abonado/abonada non cause baixa. A baixa como abonado/abonada, seguida dunha nova alta conlevará o pago dunha nova matrícula.

Para a aplicación das diferentes matrículas aplicaranse as definicións destas, realizadas no epígrafe anterior.

A matrícula nos cursos de natación terá validez indefinida sempre e cando o alumno non cause baixa no curso.



Concello de Cangas

As situación especiais como son o cambio de tempada (parada do curso nos meses de verán), paradas técnicas ou similares, non se consideran baixa do usuario/usuaria, polo que nestes casos o/a usuario/usuaria seguirá mantendo vixente a súa matrícula.

A contía da matrícula por familia numerosa será igual a matrícula de abono reducido e aplicarase independentemente do número de membros.

A matrícula para menores de idade será igual que a matrícula reducida.

Os/as cursillistas non abonados estarán obrigados/obrigadas ao pago da correspondente matrícula. Os/as cursillistas que sexan abonados no momento de tramitar a alta como cursillista quedarán exentos/exentas do pago da matrícula do curso.

Calquera persoa abonada poderá cambiar de tipo de abono cando así o solicite por escrito. O cambio de tipo de abono conlevará o pago da diferenza entre a matrícula abonada inicialmente polo usuario/usuaria correspondente ao abono actual en vigor e a matrícula do novo abono sexa superior á xa pagada inicialmente .

A matrícula aplicada aos cursos así como a matrícula aplicada aos abonos non serán nin intercambiables nin consolidables.

Epígrafe 3.- CURSOS

CURSOS NATACIÓN ESCOLAR

Enténdense por natación escolar aquela actividade que fan os escolares mediante acordos coas ANPAS dos centros educativos (infantil, primaria, secundaria) e coa piscina.

Natación Escolar -2 días – 10,10 euros/mes.

Natación Escolar – 1 día – 7,50 euros/mes.

Epígrafe 4.- ACCESOS LIBRES

O acceso libre terá unha duración máxima de 90 minutos desde a súa expedición ata o momento da saída das instalacións.

Epígrafe 5.- USO PISTAS SQUASH

As persoas non abonadas que desexen facer uso das pistas de squash terán que abonar ademais da cota por uso da pista o pago do acceso á instalación.

ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN

A modificación en calquera tipo de abono tense que facer por escrito na recepción da propia instalación antes do día 20 do mes anterior ao mes no que desexe facer efectivo o cambio. No caso de que o día 20 coincida en domingo



Concello de Cangas

ou festivo, o día límite para a realización dos cambios de abono será o seguinte día hábil.

Amáis do exposto, esta ordenanza está enmarcada e coordinada co Regulamento de uso e funcionamento das instalacións deportivas municipais (BOPPO, 2 febreiro 2004).

Cangas, maio 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Ensino e Deporte transcrita anteriormente, referente ao anexo á Ordenanza de prezos públicos do servizo da Piscina Cuberta Climatizada Municipal do Concello de Cangas e instalacións anexas.

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CANGAS DEPORTE E O IES DE RODEIRA S/USO E DISFRUTE DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE RODEIRA

Dase conta de sinatura o día 5 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Fundación Cangas Deporte e o IES de Rodeira, para o uso e disfrute do Pavillón de Deportes de Rodeira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 5 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Fundación Cangas Deporte e o IES de Rodeira, para o uso e disfrute do Pavillón de Deportes de Rodeira.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia á Fundación Cangas Deporte e á concellería de Ensino e Deporte.

8º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS ENTRE A UNIVERSIDADE DE SALAMANCA E O CONCELLO DE CANGAS

Dase conta de sinatura o día 12 de abril de 2016 do programa formativo e detalle das prácticas, ao abeiro do convenio subscrito entre a Universidade de Salamanca e o Concello de Cangas en data do 21.11.2007, para a realización de prácticas externas por parte da estudante M.P.F., no Centro Municipal de



Concello de Cangas

Benestar Social desde o 14 de xullo ata o 12 de setembro en horario de 8:30 a 15:00 horas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 12 de abril de 2016 do programa formativo e detalle das prácticas, entre a Universidade de Salamanca e o Concello de Cangas para a realización de prácticas externas por parte da estudante M.P.F., no Centro Municipal de Benestar Social.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo e programa de referencia ao Centro Municipal de Benestar Social e departamento de persoal.

9º.- APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE CANGAS MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DO COMEDOR ESCOLAR EN CATRO CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO 2015/2017, PRIMEIRO SEMESTRE-2016

Este punto foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

10º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/SOLICITUDES DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

10.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/INICIO DE EXPEDIENTE DE BAIXA DA AUTORIZACIÓN DE POSTO VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 13.07.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a inicio de expediente de baixa da autorización de posto de venda ambulante, que di o seguinte:

"Ref.: ME 16/028 (ADL)

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

ANTECEDENTES



Concello de Cangas

A pedimento desta concellería os conserxes do mercado teñen informado o 29 de abril de 2016, o 2 de maio de 2016 e o 7 de xullo de 2016 que D.J.G., titular do posto de venda ambulante nº 56, de 6,00 metros, do mercado do venres, incorre na circunstancia prevista no artigo 18.c da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) dado que 'nos últimos 3 meses non montou o posto ningún día.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) recolle a renuncia voluntaria no seu artigo 18 como un dos supostos de extinción anticipada da autorización e relaciona unha serie de supostos que se asimilan a esta.

En concreto e tal e como se sinala nos informes dos conserxes do mercado un deses supostos é o previsto no apartado c) -A non ocupación do posto asignado durante un período de oito días de mercado seguidos ou doce alternos (estes últimos nun período de seis meses) sen causa que o xustifique.

II.- Dos informes dos conserxes do mercado antes mencionados se deduce que se incorre no suposto previsto no apartado citado e que se asimila á baixa voluntaria, polo que en aplicación do disposto no mentado artigo 18, procede iniciar expediente dirixido a declaración da renuncia outorgando previa audiencia ao interesado.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar expediente de baixa da autorización de venda ambulante da que é titular D.J.G., pola concorrencia do suposto previsto no artigo 18.c) da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013), pola non ocupación do posto asignado durante o período previsto no citado artigo, con base nos informes dos conserxes do mercado de 29.04.2016, 02.05.2016 e 07.07.2016.

SEGUNDO.- Outorgar audiencia ao interesado por un período de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación do acordo en cumprimento do disposto no citado artigo 18.

TERCEIRO.- Notificar o acordo a D.J.G. con domicilio a efectos de notificacións en Barrio Arrotea Amorín, nº 28-B (CP 36740) Tomiño-Pontevedra, advertíndolle que contra este non cabe recurso ningún por tratarse dun acto de trámite, sen prexuízo de que presente o que considere axeitado”.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a inicio de expediente de baixa da autorización de venda ambulante.

10.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 13.07.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitudes de autorización de postos de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VARIOS POSTOS DE VENDA AMBULANTE DO ANO 2016

ANTECEDENTES

Os seguintes interesados/interesadas, por medio de escritos presentados no rexistro xeral deste concello, solicitan a autorización para a colocación de un posto de venda ambulante no mercado de Cangas:

<i>INTERESADO/A</i>	<i>DATA SOLICITUDE</i>	<i>Nº ENTRADA</i>	<i>Nº EXPEDIENTE</i>
<i>A.F.D.</i>	<i>28.06.2016</i>	<i>8.334</i>	<i>ME 16/029</i>
<i>M.E.A.A</i>	<i>01.07.2016</i>	<i>8.576</i>	<i>ME 16/030</i>
<i>M.M.V</i>	<i>04.07.2016</i>	<i>8.657</i>	<i>ME 16/031</i>
<i>S.B.G</i>	<i>08.07.2016</i>	<i>8.978</i>	<i>ME 16/032</i>

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

I.- Ante as numerosas solicitudes deste tipo presentadas nos últimos meses, cómpre recordar que, como sinala o artigo 14 da Ordenanza reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP nº 67, de 8 de abril de 2013), o número de autorizacións que se poidan conceder para o exercicio da venda ambulante quedará supeditado ao número de metros dispoñibles nos espazos dedicados para tal actividade.

Considerando a ordenanza e tendo en conta a falta de espazo dispoñible a día de hoxe no recinto destinado ao mercado ambulante, conclúese que non é posible acceder ao solicitado polos referidos interesados.



Concello de Cangas

II.- O órgano competente para o outorgamento das autorizacións para o exercicio a venda ambulante é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15.1 da ordenanza.

Á vista do anteriormente exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as solicitudes de autorización para un posto no mercado ambulante de Cangas de acordo coas consideracións efectuadas na presente resolución.

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados con indicación dos recursos procedentes, e dar traslado deste aos departamentos municipais de Axencia de Desenvolvemento Local e Concellería de desenvolvemento económico e emprego local”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitudes de autorización de postos de venda ambulante.

10.C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/SOLICITUDES DE TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 14.07.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitudes de transmisión de autorización de posto de venda ambulante, que di o seguinte:

"ME-16/027 (ADL)

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

ANTECEDENTES

Por escrito con rexistro de entrada nº 8300 de 28 de xuño, MOR FALL, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Enrique Lorenzo, nº 23-36202-Vigo (Pontevedra), solicita a transmisión da autorización de posto de venda ambulante nº 83 do que é titular no mercado, a favor de S.D.B.

Por escrito con rexistro de entrada nº 8301 de 28 de xuño, S.D.B. con enderezo a efectos de notificacións en rúa Manuel Rodríguez, nº 80-36202-Porriño



Concello de Cangas

(Pontevedra), expón a súa intención de adquirir a autorización de venda ambulante nº 83 da que é titular Mor Fall.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

A vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) regula a transmisibilidade das autorizacións no seu artigo 16.

O precepto indicado dispon que: '2.—As autorizacións serán transferibles a outras persoas sempre que reúnan os requisitos establecidos no presente regulamento para a súa concesión'.

O artigo 12 sobre o exercicio da venda dispón: '1.- Para o exercicio da venda ambulante no mercado municipal de Cangas será indispensable dispoñer da autorización municipal para a instalación e utilización dos postos, coa finalidade que se lles asigne e cos límites e contidos que se fixen na devandita autorización e neste regulamento'.

No artigo 13 quedan definidos os contidos da autorización de venda ambulante: '2.—A autorización expedida polo Concello conterá o nome do titular e o seu enderezo, a indicación do número de posto e licenza autorizado, situación no mercado e os artigos ou produtos autorizados'.

Vistos os límites e contidos da autorización de venda ambulante do Concello de Cangas da que é titular Mor Fall (posto nº 83) se corresponde coa actividade económica 'Comercio para venda polo miúdo doutros produtos'-CNAE 4789 doutros produtos de marroquinería.

Visto que a persoa a favor da que se pretende efectuar a transmisión (S.D.B.) presenta documentación da súa alta na Seguridade Social como autónomo na actividade económica 'Comercio polo miúdo de produtos textís' — CNAE 4782, de artigos e produtos textís.

Procede desestimar as solicitudes presentadas para a transmisión da autorización de venda ambulante do Concello de Cangas nº 83, en aplicación dos apartados transcritos (artigos 12-13-16) da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013), porque a persoa a favor da que se pretende efectuar a transmisión comercializa artigos e produtos distintos dos autorizados na licenza nº 83.

A competencia para o outorgamento das autorizacións corresponde á Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 15 da citada ordenanza.



Concello de Cangas

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude nº 8300 presentada por Mor Fall para a transmisión da autorización de venda ambulante do Concello de Cangas da que é titular, por pretender transmitir o posto a favor dunha persoa que non exerce a actividade económica correspondente coa autorización da licenza ambulante nº 83 de 'Comercio polo miúdo doutros produtos' - CNAE 4789.

SEGUNDO.- Desestimar a solicitude nº 8301 presentada por S.D.B., para a adquisición da autorización de venda ambulante do Concello de Cangas da que é titular Mor Fall (posto nº 83), por non reunir os requisitos establecidos no regulamento en canto á actividade económica da mencionada autorización, é dicir, comercializa artigos e produtos distintos dos autorizados na licenza nº 83.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local e Tesourería, xunto cos recursos procedentes”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitudes de transmisión de autorización de posto de venda ambulante.

10.D) SOLICITUDE DE “MUSEO DO GAS DA FUNDACIÓN GAS NATURAL FENOSA” PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Vista a solicitude presentada o día 23.06.2016 por E.B.G, en representación do “MUSEO DO GAS DA FUNDACIÓN GAS NATURAL FENOSA”, na que demanda autorización municipal para ocupación de vía pública coa exposición móbil de “ENERGYTRUCK” do Museo do Gas, con motivo de campaña divulgativa do labor social e cultural sobre enerxía e medio ambiente, a realizar durante os días 11 e 12 de agosto do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar ao “MUSEO DO GAS DA FUNDACIÓN GAS NATURAL FENOSA”, para ocupación de vía pública coa exposición móbil de “ENERGYTRUCK” do Museo do Gas, no lugar que lle indiquen os servizos



Concello de Cangas

municipais correspondentes, durante os días 11 e 12 de agosto do ano que andamos.

SEGUNDO.- A presente autorización condiciónase ao pagamento das taxas que lle liquide o departamento de Xestión de Ingresos pola referida ocupación de vía pública.

10.E) SOLICITUDE DE L.G.D.C S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Vista a solicitude presentada o día 17.06.2016 por L.G.D.C, na que demanda autorización municipal para ocupación de vía pública nunha superficie de 50 m2., para a exposición dun rastro de antigüidades no Paseo de Xardíns do Señal, a realizar durante o día 7 de agosto do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar a L.G.D.C., para ocupación de vía pública nunha superficie de 50 m2., para a exposición dun rastro de antigüidades no Paseo de Xardíns do Señal, durante o día 7 de agosto do ano que andamos, no lugar que lle indiquen os servizos municipais correspondentes.

SEGUNDO.- A presente autorización condiciónase ao pagamento das taxas que lle liquide o departamento de Xestión de Ingresos pola referida ocupación de vía pública.

10.F) SOLICITUDE DE J.N.G. S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA PARA INSTALACIÓN DE MÁQUINA DE ASAR CASTAÑAS

Vista a solicitude presentada o día 01.07.16 por J.N.G, na que demanda autorización municipal para a instalación de unha máquina de asar castañas enfronte da Casa da Bola, cunha ocupación de 1,00 m2., desde o período que vai do 1 de outubro do ano que andamos ata o 15 de xaneiro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder autorización ao Sr. N.G. para a instalación de unha máquina de asar castañas enfronte da Casa da Bola, cunha ocupación de 1,00 m2., desde o 1 de outubro do ano que andamos ata o 15 de xaneiro do ano 2017.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Policía Local e Xestión de Ingresos Municipal, para a comprobación da instalación e liquidación das taxas correspondentes pola referida ocupación de vía pública.

10.G) SOLICITUDE DE M.J.B.G S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Vista a solicitude presentada o día 12.07.2016 por M.J.B.G., en representación de "Grupo Emaús Fundación Social", na que demanda autorización municipal para ocupación de vía pública coa instalación de un posto no mercadillo municipal do vindeiro venres día 22 de xullo, para exposición do resultado dos traballos realizados no desenvolvemento da acción formativa ReciclaTEX (Acción formativa en competencias básicas para a xestión e reciclaxe de residuos textís), que o referido grupo está a desenvolver no Centro Municipal de Benestar Social coa colaboración da Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar a "Grupo Emaús Fundación Social", para ocupación de vía pública coa instalación de un posto no mercadillo municipal do vindeiro venres día 22 de xullo.

10.H) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS DO CASCO VELLO "CANGAS VELLA" S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Vista a solicitude presentada o día 14.07.2016 por C.P.C, presidenta da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS DO CASCO VELLO "CANGAS VELLA", na que demanda autorización municipal para ocupación da Alameda Vella co gallo das "III NOITES MEIGAS", a partir das 17,00 horas o día 6 de agosto do ano que andamos, para a realización dun mercado coas diferentes tendas e comercios do casco vello que queiran participar que contará tamén con diversas actividades lúdico e culturais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E HOSTALEIROS DO CASCO VELLO "CANGAS VELLA", para a ocupación da Alameda Vella co gallo das "III NOITES MEIGAS", a partir das 17,00 horas o día 6 de agosto do ano que andamos.

10.I) SOLICITUDE DA "ASOCIACIÓN PALESTINA ANDALUSÍ PARA LA INFANCIA" (APAINF) S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Vista a solicitude presentada o día 25.04.2016 por R.A.G., representante da "ASOCIACIÓN PALESTINA ANDALUSÍ PARA LA INFANCIA" (APAINF), na que



Concello de Cangas

demanda autorización municipal de ocupación de vía pública para a realización dun evento solidario durante os meses do verán do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda denegar a solicitude realizada pola ASOCIACIÓN PALESTINA ANDALUSÍ PARA LA INFANCIA" (APAINF), motivada na non existencia de espazo valeiro para a instalación pretendida durante a época do verán no Concello de Cangas.

Incidencias: cando son as vinteunha horas entra no salón de sesións o concelleiro, Sr. H.A.

11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/RENUNCIA DE POSTO DE VENDA DE PEIXE NA PRAZA DE ABASTOS

11.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/RENUNCIA DE POSTO DE VENDA DE PEIXE

Dase conta de proposta do día 12.07.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a renuncia de posto de venda de peixe, que di o seguinte:

"Ref. Pz-16/009 (ADL)

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por escrito con rexistro de entrada nº 8763 do 05/07/2016, M.G.G, solicitou a baixa do posto de peixe nº 58 do Mercado Municipal de Abastos.

Visto que entre as causas de finalización previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16.08.2005) figura a renuncia do titular.

Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.

En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por M.G.G., á concesión sobre o posto de peixe nº 58 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da praza”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente referente a renuncia de posto de venda de peixe.

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

12º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA S/ADXUDICACIÓN AO CONCELLO DE CANGAS DE REMOLQUE DE SALVAMENTO (EQUIPAMENTO DE EMERXENCIAS)

Dase conta de Resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 13 de xullo de 2016, pola que se resolve a adxudicación ao Concello de Cangas do seguinte equipamento de emerxencias:

*** REMOLQUE DE SALVAMENTO**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada da Resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 13 de xullo de 2016, pola que se adxudica a este concello o equipamento de emerxencias referido.

13º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE CANGAS S/CELEBRACIÓN DA PROMOCIÓN DAS DANZAS ANCESTRAIS

Dase conta de sinatura o día 26 de abril de 2016 de convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, “ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA” e o Concello de Cangas, para a promoción das danzas ancestrais.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 26 de abril de 2016 de convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, "ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, SA" e o Concello de Cangas, para a promoción das danzas ancestrais.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia xunto con copia do convenio aos departamentos de Cultura e Turismo.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA"

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 18.07.2016, referente a adxudicación do contrato de "SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA", que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de subministración dun vehículo varredor para limpeza viaria do Concello de Cangas.

Visto que a empresa 'DARLIM, SL', con NIF nº B36612562 chegou en tempo e forma a documentación que a Xunta de Goberno Local lle requiriu mediante acordo adoptado en sesión realizada o día 04.07.2016 (registro saída nº 1937 do día 06.07.2016).

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'DARLIM, SL', con CIF nº B36612562 e domicilio social e fiscal no Polígono Industrial A Granxa, Avda. Principal, nº 67-Porriño (CP 36400) o contrato de 'Subministración de un vehículo varredor para limpeza viaria', coas seguintes especificacións da súa oferta:

- *Prezo IVE incluído:*
 - *Importe neto: corenta e oito mil novecentos un euros (48.901,00 €).*
 - *IVE:..... dez mil douscentos sesenta e nove euros con vinte e un céntimos (10.269,21 €).*
 - *Prezo total:.. cincuenta e nove mil cento setenta euros con vinte e un céntimos (59.170,21 €).*

- *Prazo de entrega: 30 días naturais.*

- *Ampliación do prazo de garantía: 1 ano.*

Segundo.- Dispoñer, con cargo á aplicación orzamentaria 163.624, o gasto que para este Concello representa a mencionada contratación.

Terceiro.- Notificar a 'DARLIM, SL', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante Indalecio Cuevas Montes para a sinatura deste.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da LCSP, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato de "SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO VARREDOR PARA LIMPEZA VIARIA".

B) INFORME DA XEFA DO SERVIZO DE URBANISMO S/SOLICITUDE DE JOSEFA QUEIMAÑO GESTIDO PARA LICENZA DE PARCELACIÓN URBANÍSTICA

Dase conta do informe emitido o día 18.07.2016 pola xefa do Servizo de Urbanismo, referente a solicitude de J.Q.G. na que demanda licenza municipal de parcelación urbanística, que di o seguinte:



Concello de Cangas

"Expediente: 25.871

De conformidade co previsto nos artigos 172 e 175 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais emito o seguinte INFORME con base nos seguintes ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove J.Q.G., rexistro de entrada nº 2731, de data 3 de marzo de 2016, consistente en parcelar un predio sito na Avenida de Lugo-Romarigo (referencia catastral 36008A046002720000JA) en catro parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico e enxeñeiro da edificación A.G.P de data marzo 2016.

En data 19 de abril de 2016 o arquitecto municipal informa que se debe modificar o proxecto para non parcelar o solo rústico.

En data 24 de maio de 2016, rexistro de entrada nº 6273 a solicitante presenta planos modificados de data maio de 2016 das parcelas resultantes e mediante documentación aportada en data 11.07.2016 de data xullo de 2016 rectifica a descrición das parcelas resultantes nº 3 e nº 4.

Obra no expediente certificado sobre medición de predio elaborado polo arquitecto A.G.P. o 2 de xuño de 2009, que indica que o predio conta cunha superficie de 5.802 m²., dos que se detraen a cesión efectuada no seu momento.

SEGUNDO.- Resultando que a solicitude foi informada favorablemente o día 11 de xullo de 2016 polo arquitecto municipal ao axustarse a parcelación presentada ás determinacións das NN.SS de Cangas: ordenanza SNUN, URNU, SNUC E SNU-PF+ e xustificar o cumprimento do disposto nos artigos 148/149 e 150 da lei 2/2016, de 10 de febreiro de 2016.

TERCEIRO.- O expediente foi tramitado completo restando tan só informe xurídico para a súa resolución .

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMERO.- Considérase parcelación urbanística a división de terreos en dous o máis lotes co fin da súa edificación.

SEGUNDO.- A lexislación aplicable ve determinada por:

— Os artigos 142 e seguintes, e 148 a 150 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Concello de Cangas

— *Os artigos 9 a 19 do Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei del solo de Galicia, aprobado por el Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro no que non se opoña á lexislación urbanística en vigor.*

— *O artigo 61.1. o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

— *O artigo 11.4 do Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro.*

— *O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

— *A lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

TERCERO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita á licenza municipal, agás que o Concello declarase a súa innecesariedade. Así, de conformidade co artigo 150.6 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.

c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

CUARTO.- Non poderá efectuarse ningunha parcelación urbanística sen que previamente fora aprobado o planeamento urbanístico esixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente.

Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelaciones urbanísticas.

Igualmente, non poderá realizarse ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que ditos lotes sexan adquiridos de forma simultánea polos propietarios de terreos colindantes co fin de agrupalos cos seus predios para constituír unha nova.

Pola súa parte, serán indivisibles as parcelas edificables conforme a unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edificara a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edificase a correspondente só a unha parte dela, a restante, se fora inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.



Concello de Cangas

QUINTO.- En ningún caso se considerarán predios, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

SEXTO.- Toda parcelación urbanística, segregación o división de terreos conlevará a obriga da cesión dos terreos sitos fóra de aliñacións establecidas polo planeamento.

SÉTIMO.- O prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, será de tres meses, a contar desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

OITAVO.- Conforme co artigo 150.7 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa no que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

NOVENO.- Emitidos os informes preceptivos, corresponderá resolver sobre o outorgamento da licenza ao alcalde, de conformidade co artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e 21.1.q) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local.

Por Resolución da Alcaldía de data 11 de xuño de 2011 o Sr. alcalde delegou na Xunta de Goberno Local o outorgamento de licenzas.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder a licenza de parcelación solicitada por J.Q.G. para parcelar un predio sito na Avenida de Lugo-Romarigo (referencia catastral nº 36008A046002720000JA) en CATRO parcelas resultantes, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico e enxeñeiro da edificación A.G.P. de data marzo 2016 e plano 3ª en data 11 de xullo de 2016. As parcelas resultantes contan cas seguintes superficies brutas; parcela A de 816 m2., que conta cunha edificación dedicada a vivenda unifamiliar, hórreo e bodega, parcela B de 792 m2., que conta cunha vivenda e un garaxe, parcela 3 de 995 m2., e parcela 4 de 3.176 m2.



Concello de Cangas

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terrenos conlevará a obriga da cesión dos terreos sitos fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello de ser necesaria.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da xefa do Servizo de Urbanismo, referente a solicitude de J.Q.G. na que demanda licenza municipal de parcelación urbanística.

C) DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE CANGAS PARA A DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018

Dase conta de sinatura o día 23 de xuño de 2016 de convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cangas, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 23 de xuño de 2016 de convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cangas, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia xunto con copia do convenio aos departamentos de Intervención, Subvencións e concellería de Medio Ambiente.

D) DACIÓN DE CONTA DE AUTO DITADO POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA S/PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 4666/1991-mj

Dase conta de Auto ditado o 07.07.2016 pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaído no procedemento ordinario nº 4666/1991-mj, promovido por J.N.V.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento de Auto ditado o 07.07.2016 pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaído no procedemento ordinario nº 4666/1991-mj, promovido por J.N.V.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

E) SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS

E.1) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, de conformidade cos informes emitidos o día 18.07.2016 polo departamento de Xestión de Ingresos Municipal e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homogéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J.O.F. (BAR "ESCORADO"), con NIF 53116064W, con enderezo en rúa Félix Ozámiz, nº 15-O Forte-36947-Cangas, para ocupación de vía pública con mesas e cadeiras en rúa Félix Ozámiz, nº 15, nunha superficie de 12,00 m²., do 1 de xullo ao 31 de agosto do ano que andamos. (Condiciónase a autorización á presentación de documento do ORAL).

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M.O.B (TAPERÍA "MARTINNUS"), con NIF 36163577X, con enderezo na Avda. Eduardo Vincenti, nº 6-6940- Cangas, para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras na Avda. Eduardo Vincenti, nº



Concello de Cangas

6, nunha superficie de 16,00 m²., do 1 de xullo ao 30 de setembro do ano que andamos.

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR C.P.S. (BAR "LÚPULO"), con NIF 35274482A, e con enderezo na rúa Santabaia, nº 8-36940 Cangas, para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras en rúa Santabaia, nº 8, nunha superficie de 9,80 m²., do 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR J.C.M. (TABERNA "O ARCO"), con NIF 78733222J, con enderezo en Praza do Arco, nº 8-36940-Cangas, para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras en Praza do Arco, nº 8, nunha superficie de 24,00 m²., do 1 de xuño ao 30 de setembro do ano que andamos.

* Segundo a Ordenanza municipal Capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá perxudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entrego no mesmo estado en que se recibe.



Concello de Cangas

- D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.
- E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.
- F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.
- G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2016, agás o indicado no acordo.
- H) A autorización de instalación da terraza outorgarase a nome de quen ostente a titularidade da licenza de apertura do establecemento de hostelería que linde co espazo exterior que se pretende ocupar. A autorización non poderá ser arrendada, subarrendada, nin cedida directa ou indirectamente en todo ou en parte.
- I) As licenzas para a instalación de mesas e cadeiras só serán transmisibles no caso de cambio de titularidade da licenza de apertura e funcionamento do establecemento principal, sempre e cando o antigo e novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello, sen o cal quedarán ambos suxeitos a todas as responsabilidades que se derivaren para o titular.
- J) As causas de rebogación e extinción da autorización serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).
- K) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.
- L) Non no previsto no acto de autorización, reixerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.
- M) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.
- N) Como regra xeral a instalación realizarase nunha xoa fileira de mesas apegadas á liña de fachada do establecemento a cuxo servizo se destinará, sen superar en lonxitude, e deixarase expedito o acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes, cun espazo como mínimo de 1,80 m libre de obstáculos para o tránsito dos viandantes.



Concello de Cangas

Ñ) As instalacións deberán cumprir as condicións e obrigas sinaladas na Ordenanza Municipal Reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP núm 144 de 27 de xullo de 2012).

F) SOLICITUDE DE "CANGAS VELLA" S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE POSTES PUBLICITARIOS

Vista a solicitude de C.P.C., presidenta da Asociación de Comerciantes e Hostaleiros do Casco Vello "CANGAS VELLA", na que demanda autorización municipal para a instalación de postes informativos nas entradas das diferentes rúas do casco vello, coas seguintes especificacións:

* Ditos postes estarían feitos en madeira tratada e terían unhas medidas aproximadas de 1,80 m. de altura. Este traballo sería feito pola asociación "Juan XIII" e a instalación e custos serían asumidos na súa integridade por Cangas Vella e a situación sería a indicada polo concello.

* Coa instalación destes postes búscase a uniformidade nas plataformas publicitarias e a eliminación dos soportes individuais das rúas, tentando acadar unhas rúas mais organizadas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda autorizar á asociación "CANGAS VELLA", para a instalación de postes informativos nas entradas das diferentes rúas do casco vello, de conformidade coas especificacións indicadas pola referida asociación.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente